


PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA.

CARPETA 01.MX

**ANEXO II. INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO
DA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE**



Outubro 2023

ÍNDICE ANEXO II.AFECCIÓNS SECTORIAIS
MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN

01.NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE	3
02. AFECCIÓNS SECTORIAIS	8
02.1 AFECCIÓNS SECTORIAIS QUE CATEGORIZAN SOLO.....	8
02.1.1. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE PAISAXE.....	8
02.1.2. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE COSTAS.....	8
02.1.3. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE FERROCARRÍS.	8
02.1.4. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE ESTRADAS.....	8
02.1.5. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE AUGAS.....	8
02.1.6. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE E BIODIVERSIDADE.....	8
02.1.7. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE PATRIMONIO CULTURAL.	8
02.2. OUTRAS AFECCIÓNS SECTORIAIS.....	8
02.2.1. LEXISLACIÓN EN MATERIA AEROPORTUARIA E AERONÁUTICA	8
02.2.2. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE PORTOS.....	9
02.2.3. CONTAMINACIÓN ACÚSTICA.....	9
02.2.4. LEXISLACIÓN MINEIRA.....	9
02.3. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOUTRA LEXISLACIÓN.....	9
02.3.1. LEI 13/2010, DE COMERCIO INTERIOR DE GALICIA	9
02.3.2. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE HABITABILIDADE. D 128/2023, DE 7 DE SETEMBRO, POLO QUE SE MODIFICA O D. 29/2010, POLO QUE SE APROBAN AS NORMAS DE HABITABILIDADE DE VIVENDAS DE GALICIA.	12
02.3.3. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE.....	14
03.INFORMES PREVIOS Á APROBACIÓN INICIAL	17
03.01 INFORMES ADMINISTRACIÓN ESTATAL.....	17
03.01.01. ESTRADAS DO ESTADO.....	17
03.01.02. SERVIDUMES AERONAUTICAS.	18

03.01.03. COSTAS DO ESTADO.....	19
03.01.04. FERROCARRÍS.....	19
03.01.05. PROTECCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO.....	20
03.01.06. DOMINIO PÚBLICO MILITAR.....	20
03.02 INFORMES COMUNIDADE AUTÓNOMA	21
03.02.01. COSTAS	21
03.02.02. AUGAS	21
03.02.03. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS EN MATERIA DE SERVIDUMES ACÚSTICAS.....	22
04. CLASIFICACIÓN E CATEGORIZACIÓN COMO SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN DE ÁMBITOS QUE NON CONTAN CON AFECCIÓN SECTORIAL.	23

01.NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

No apartado 03.9. da memoria informativa, identifícanse as afeccións derivadas da lexislación sectorial con incidencia no territorio do termo municipal de Narón.

No presente anexo realízase unha avaliación do cumprimento da lexislación sectorial de aplicación, tendo en conta os informes emitidos con carácter previo á aprobación inicial. Tras a aprobación inicial, durante o trámite de información pública, solicitaranse os preceptivos informes sectoriais das administracións competentes.

Segundo se recolle na normativa urbanística do plan xeral ás súas determinacións están sometidas á lexislación sectorial de obrigado cumprimento, tanto de carácter estatal como autonómico ou local, recoñecendo a preeminencia dos ámbitos competenciais propios das respectivas Administracións Públicas.

O presente plan xeral redáctase conforme á lexislación vixente, que a continuación recompílase de xeito non excluínte:

NORMATIVA COMUNITARIA

- DIRECTIVA 75/442/CEE, de 15 de xullo, relativa aos residuos.
- DIRECTIVA 85/337/CEE, de 27 de xuño, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, modificada pola 97/11/CEE.
- DIRECTIVA 92/43/CEE, de 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- DIRECTIVA 96/61/CEE, relativa á Prevención e Control Integrados da Contaminación.
- DIRECTIVA 2000/60/CE, de 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.
- DIRECTIVA 2001/42/CE, de 27 de xuño, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- DIRECTIVA 2002/49/CE, de 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.
- DIRECTIVA 2002/91/CE, de 16 de decembro, relativa á eficiencia enerxética dos edificios.
- DIRECTIVA 2003/4/CE, de 28 de xaneiro, relativa ao acceso do público á información medioambiental e pola que se derroga a Directiva 90/313/CEE do Consello.

- DIRECTIVA 2003/35/CE, de 26 de maio, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co medio ambiente e pola que se modifican, no que se refire á participación do público e o acceso á xustiza, as Directivas 85/337/CEE e 96/61/CE do Consello.
- DIRECTIVA 2004/12/CE, de 11 de febreiro, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases.
- Decisión da Comisión, do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.
- Decisión da Comisión, do 19 de xullo de 2006, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica mediterránea.
- REGULAMENTO (CE) Nº 865/2006 DA COMISIÓN, do 4 de maio de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 338/97 do Consello relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio.
- Decisión da Comisión do 18 de xullo de 2007 pola que se establecen directrices para o seguimento e a notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro de conformidade coa directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- DIRECTIVA 2007/60/CE, do 23 de outubro, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Decisión da Comisión do 12 de novembro de 2007, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, unha primeira lista actualizada de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.
- DIRECTIVA 2008/98/CE, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derogan determinadas Directivas.
- DIRECTIVA 2009/147/CE, de 30 de novembro, relativa á conservación das aves silvestres.

NORMATIVA ESTATAL

- Ley 7/2021, de 20 de mayo, de cambio climático y transición energética.
- RD 11/2016, de 8 de xaneiro, por el que se aprueba el Plan Hidrológico de la demarcación hidrográfica Galicia-Costa.
- Ley 26/2022, de 19 de diciembre, por la que se modifica la Ley 38/2015, de 29 de septiembre, del sector ferroviario.
- Ley 37/2015, de 29 de septiembre, de carreteras por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.

- Ley 11/2022, de 28 de junio, General de Telecomunicaciones.
- Ley 24/2013, de 16 de diciembre, del sector eléctrico.
- Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental.
- RD 235/2013, de 5 de abril, por el que se aprueba el procedimiento básico para la certificación energética de edificios de nueva construcción.
- Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio de Costas y su Reglamento aprobado por RD 876/2014, de 10 de octubre.
- Ley 22/2011, de 28 de julio, de residuos y suelos contaminados.
- R.D. 346/2011, do 11 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento regulador de las infraestructuras comunes de telecomunicaciones para el acceso a los servicios de telecomunicaciones.
- Ley 2/2011, de 4 de marzo, de economía sostenible.
- Orden TMA/851/2021, de 23 de julio, por la que se desarrolla el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y la utilización de los espacios públicos urbanizados.
- Real Decreto 1890/2008, de 14 de noviembre, sobre reglamento de eficiencia energética en instalaciones de alumbrado y sus instrucciones técnicas EA-01 a EA-07.
- Real Decreto 223/2008 de 15 de febrero de Reglamento sobre condiciones técnicas y garantías de seguridad en Líneas de Alta Tensión y sus ITC.
- Ley 42/2007, de 13 de diciembre, de Patrimonio Natural y de la Biodiversidad.
- Ley 34/2007 de 15 de noviembre, de calidad del aire y protección de la atmósfera.
- Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, de desenvolvemento da Lei do Ruído
- Real Decreto 505/2007, de 20 de abril, sobre condicións básicas de accesibilidade.
- Ley orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres.
- Real Decreto 919/2006 Reglamento Técnico de dirección y utilización de combustibles gaseosos e IC.
- RD 314/2006 por el que se aprueba el Código Técnico de Edificación.
- Orden FOM/926/2005, de 21 de mayo, por el que se regula la revisión de las huellas de ruidos de los aeropuertos de interés general.
- RD 2387/2004 de 30 de diciembre por el que se aprueba el Reglamento del Sector Ferroviario.
- Ley 43/2003" de Montes, modificada pola Ley 10/2006 e Ley 25/2009.
- Ley 37/2003, de 17 de noviembre, de Ruído.
- Ley 33/2003" de 3 de noviembre, de Patrimonio de las administraciones públicas.
- Ley 16/2002" de Prevención e Control Integrados da Contaminación.

Ley 48/60, de 29 de diciembre, sobre navegación aérea modificada por la ley 55/99 de diciembre.

- Ley 21/2003, de 7 de xullo, de Seguridad Aérea.
- Real Decreto 374/1996, de 23 de febrero, por el que se modifican las servidumbres aeronáuticas del Aeropuerto de A Coruña.
- Orden TMA/975/2022, de 22 de setembro, por la que se aprueba la revisión del Plan Director del Aeropuerto de A Coruña
- RD 369/2023, de 16 de mayo, por el que se regulan las servidumbres aeronáuticas de protección de la navegación aérea, y se modifica el Real Decreto 2591/1998, de 4 de diciembre, sobre la ordenación de los aeropuertos de interés general y su zona de servicio, en ejecución de lo dispuesto por el artículo 166 de la Ley 13/1996, de 30 de diciembre, de Medidas Fiscales, Administrativas y del Orden Social.
- Real Decreto 2591/1998, de 4 de diciembre, de Ordenación de los Aeropuertos de Interés General y su Zona de Servicio”
- Real Decreto Legislativo 1/2001 de 20 de julio, del Texto Refundido de la Lei de Aguas y Reglamento del Dominio Público Hidráulico.
- Ley 34/1998, de 7 de octubre, del sector de hidrocarburos.
- Ley 16/85 de Patrimonio Histórico Español.
- Ley 22/1973, de 21 de julio, de Minas.

NORMATIVA AUTONÓMICA

- Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Decreto 238/2020, de 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da Paisaxe.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.
- Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación de terra agraria de Galicia.
- Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e biodiversidade de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- D. 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o seu regulamente aprobado por D. 66/2016, do 26 de maio.
- Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
- Lei 5/2011, de 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 52/2011, de 24 de marzo, polo que se establece a ordenación de apartamentos e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.
- Decreto 128/2023, de 7 de setembro, polo que se modifica o Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas en Galicia.
- Decreto 232/2008, de 2 de outubro, sobre o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Decreto 133/2008, de 12 de xuño polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.
- Lei 3/2007, de 9 de Abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.
- Lei 5/2006, de 30 de xuño, para protección, conservación e mellora dos ríos galegos.
- Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.
- Lei 8/2002, de Protección do Ambiente Atmosférico en Galicia
- Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.
- Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia e Decreto 227/1995 de 20 de xullo do seu regulamento.

As afeccións da normativa sectorial que inciden no municipio de Narón establécense no TÍTULO VII da normativa do presente plan xeral.

02. AFECCIÓNS SECTORIAIS

02.1 AFECCIÓNS SECTORIAIS QUE CATEGORIZAN SOLO.

02.1.1. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE PAISAXE.

As disposicións de aplicación en materia de paisaxe recóllense no CAPÍTULO 2 do TÍTULO VII e no CAPÍTULO 8 do TÍTULO XIV da normativa.

02.1.2. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE COSTAS.

As disposicións de aplicación en materia de costas recóllense no CAPÍTULO 3 do TÍTULO VII da normativa.

02.1.3. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE FERROCARRÍS.

As disposicións de aplicación en materia de ferrocarrís recóllense no CAPÍTULO 6 do TÍTULO VII da normativa.

02.1.4. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE ESTRADAS.

As disposicións de aplicación en materia de estradas recóllense no CAPÍTULO 7 do TÍTULO VII da normativa.

02.1.5. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE AUGAS.

As disposicións de aplicación en materia de augas recóllense no CAPÍTULO 8 do TÍTULO VII e no CAPÍTULO 3 do TÍTULO XIV da normativa.

02.1.6. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE E BIODIVERSIDADE.

As disposicións de aplicación en materia de biodiversidade recóllense no CAPÍTULO 6 do TÍTULO XIV da normativa.

02.1.7. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE PATRIMONIO CULTURAL.

As disposicións de aplicación en materia de patrimonio cultural recóllense no TÍTULO XV da normativa e no catálogo.

02.2. OUTRAS AFECCIÓNS SECTORIAIS

02.2.1. LEXISLACIÓN EN MATERIA AEROPORTUARIA E AERONÁUTICA

As disposicións de aplicación en materia de servidumes aeronáuticas recóllense no CAPÍTULO 4 do TÍTULO VII da normativa.

02.2.2. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE PORTOS.

As disposicións de aplicación en materia de portos recóllense no CAPÍTULO 5 do TÍTULO VII da normativa.

02.2.3. CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

As disposicións de aplicación en materia de contaminación acústica e vibratoria recóllense no CAPÍTULO 9 do TÍTULO VII e no CAPÍTULO 2 do TÍTULO XIV da normativa.

02.2.4. LEXISLACIÓN MINEIRA

As disposicións de aplicación en materia de actividades extractivas recóllense no CAPÍTULO 5 do TÍTULO XIV da normativa.

02.3. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOUTRA LEXISLACIÓN.

02.3.1. LEI 13/2010, DE COMERCIO INTERIOR DE GALICIA

NORMATIVA DE APLICACIÓN

A Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia establece os criterios para a ordenación comercial que deben ser contemplados no planeamento urbanístico municipal. Así, no seu Capítulo II incorpora os seguintes artigos de aplicación na planificación urbanística:

“Artigo 26. Ordenación e equipamentos comerciais.

- 1. Entendese por ordenación comercial o conxunto de actuacións levadas a cabo pola administración ós efectos de lograr, considerando sempre razóns imperiosas de interese xeral, a axeitada vertebración da actividade comercial, así coma o desenvolvemento equilibrado e sostible da actividade comercial compatible coa axeitada distribución e ordenación do territorio e coa protección ó medio ambiente.*
- 2. O equipamento comercial dos municipios de Galicia está constituído polo conxunto de establecementos comerciais, tanto de carácter individual coma colectivo, situados no seu territorio.*

Artigo 27. Uso comercial do solo.

- 1. Con carácter xeral, o planeamento xeral de ordenación municipal de cada concello ordenará especificamente os usos comerciais, garantindo unha axeitada protección dos entornos urbanos que asegure a necesaria accesibilidade de toda a poboación a unha oferta comercial suficiente e a protección do medio ambiente.*

Nos supostos de insuficiencia das previsións dos instrumentos de ordenación urbanística, en particular, cando estea motivada pola falta de adaptación destes instrumentos á normativa urbanística e comercial en vigor, a consellería competente en materia de comercio, previa audiencia do concello ou concellos afectados, poderá impulsar plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal destinados a regular a implantación de equipamentos comerciais, cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se sitúen, pola súa magnitude, importancia, demanda social ou especiais características.

2. Ós efectos do previsto no apartado anterior, a ordenación territorial e urbanística, ó ordenar os usos comerciais, destinará so o axeitado e suficiente para atender as necesidades da poboación, prestando especial atención á densidade comercial, intentando conseguir o equilibrio do territorio.

3. Nos sectores de solo urbanizable e os polígonos de solo urbano non consolidado, para os cales prevense usos residenciais, aínda cando estes usos non sexan maioritarios, os plans establecerán unha reserva mínima de edificabilidade para uso comercial acorde á establecida na normativa urbanística aplicable.

4. Ós efectos da ordenación comercial, a consellería competente en materia de urbanismo, con ocasión do informe preceptivo que proceda ó correspondente instrumento de ordenación territorial ou urbanística, referirase expresamente ó cumprimento do disposto no presente artigo”.

XUSTIFICACIÓN DA SUFICIENCIA E ADECUACIÓN DO SOLO DESTINADO NO PLAN XERAL A USOS COMERCIAIS E PRODUTIVOS.

No artigo 27 da Lei 13/2010, do Comercio Interior de Galicia establece que o planeamento xeral ordenará especificamente os usos comerciais, garantindo unha axeitada protección dos contornos urbanos que asegure a necesaria accesibilidade de toda a poboación a unha oferta comercial suficiente e a protección do medio ambiente.

A dotación comercial actual do concello de Narón considerase suficiente nestes momentos, xa que conta con dous centros comerciais dentro do concello, Centro Comercial Odeón e Centro Comercial Narón, ao que hai que sumarlle os comercios de barrio e supermercados de tamaño medio.

O sector servizos representa a maior porcentaxe da actividade económica no concello de Narón, tal como se reflicte nos seguintes cadros:

AFILIACIÓNS EN ALTA LABORAL POR SECTORES		
AGRICULTURA E PESCA	251	1,78%
INDUSTRIA	2.544	18,03%
CONSTRUCCIÓN	1.057	7,49%
SERVIZOS	10.256	72,70%
TOTAL	14.108	100

Fonte: Ficha municipal. www.ige.es (2018).

EMPRESAS POR ACTIVIDADE		
INDUSTRIA	185,00	8,09%
CONSTRUCCIÓN	316,00	13,81%
SERVIZOS	1.787,00	78,10%
TOTAL	2.288,00	100

Fonte: Ficha municipal. www.ige.es (2018).

O presente PXOM regula expresamente o uso comercial no seu ámbito municipal de aplicación, establecendo unha ordenanza específica para uso terciario no solo urbano consolidado (Ordenanza 6).

Así mesmo, con carácter xeral, o resto das ordenanzas de aplicación no núcleo urbano de Narón incorporan o uso comercial coma uso permitido compatible co uso característico residencial, desenvolvéndose normalmente nas plantas baixas das edificacións residenciais intensivas ou, incluso, en parcela/edificio exclusivo.

O Plan Xeral incorpora un total de 85 ámbitos de solo urbano non consolidado, regulando a súa ordenación urbanística mediante a aplicación das ordenanzas en solo urbano establecidas no propio planeamento xeral, nas que, sendo maioritario o uso residencial na maioría deses ámbitos, o uso comercial considerase normalmente como uso compatible. Dos 85 ámbitos de solo urbano non consolidado propostos, tres son de uso industrial-terciario.

Tamén nos núcleos rurais, o Plan Xeral establece permite o uso comercial, sempre que sexa un uso compatible coa vivenda e tamén permite o uso hoteleiro .

O Plan Xeral establece especificamente tres sectores de solo urbanizable de uso terciario (SUB-01.TER, SUB-02.TER e SUB-04.TER), o primeiro preto do acceso a AP-9 e FE-12 nun ámbito dunhas 3,8 Ha e unha superficie edificable de 27.072,5 m²e. O segundo sector está lindeiro ao barrio de Freixeiro entre as estradas FE-12 e AC-566 nun ámbito de 13,3 Ha e unha superficie edificable de 93.335,2 m²e. O último sector terciario encóntrase no enlace coa FE-12 preto ao barrio das Lagoas nun ámbito de 16,5 Ha e unha superficie edificable de 115.416 m²e.

Tamén, incorpora outros catro sectores de solo urbanizable de carácter industrial, nos que tamén se poden implantar usos terciarios (SUB-05.IND, SUB-06.IND, SUB-07.IND e SUB-08.IND). O primeiro ten unha extensión de 5,8 Ha e unha superficie edificable 35.016,6 m²e, o SUB-06.IND ten unha superficie de 23,4 Ha e superficie edificable 140.645,4 m²e, o ámbito SUB-07.IND corresponde ao plan de sectorización aprobado en fase de desenvolvemento cunha superficie de 55,8 Ha e unha superficie edificable de 166.523,40 m²e. Clasifícase tamén o SUB-08.IND A Boeira, aínda que non se considera estratéxico. Estes ámbitos propóñense como áreas de actividades económicas capaces de acoller naves, industrias, centros loxísticos e comercio lindeiros aos polígonos existentes.

Por último, debemos ter en conta que nas áreas de repartición residenciais considéranse en localizacións estratéxicas unha porcentaxe de uso terciario a situar obrigatoriamente nas plantas baixas dos edificios. Esta porcentaxe que oscila entre o 5 e o 10% da edificabilidade total

establécese para os SUNC: AC08, AC-12, F01, F02, G02, G03, G04, P04, P07, X03, X04 e L04, acadando unha superficie total de 154.094m².

Consecuentemente, considerase que o Plan Xeral proposto cumpre coas determinacións legalmente establecidas en materia de equipamento comercial e usos produtivos, tanto na súa suficiencia coma na súa adecuación, incorporando expresamente a regulación de ditas actividades dentro da ordenación urbanística formulada.

02.3.2. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE HABITABILIDADE. D 128/2023, DE 7 DE SETEMBRO, POLO QUE SE MODIFICA O D. 29/2010, POLO QUE SE APROBAN AS NORMAS DE HABITABILIDADE DE VIVENDAS DE GALICIA.

No artigo 43 da LSG referente ás *Normas de calidade ambiental e paisaxística* dispónse que o planeamento urbanístico garantizará as condicións de habitabilidade, salubridade e funcionalidade das vivendas e usos residenciais, respectando as condicións mínimas que se fixen regulamentariamente, e prohibíndose en todo caso, o uso residencial en sotos e semisotos.

No artigo 4.1. do D 128/2023 establécese que *“Para os efectos previstos no artigo 43.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), os instrumentos de ordenación urbanística conterán unha memoria xustificativa da súa adecuación ás presentes normas”*.

Por outra banda o artigo 4.2. do D 128/2023 dispón o seguinte:

“O planeamento que determine a nova ordenación detallada de solos en que se prevexa o uso residencial deberá establecer os requisitos que deben cumprir as vivendas para ter a condición de vivenda exterior e adoptar as medidas necesarias para garantir o asolamento adecuado das vivendas.

Nestes solos, para que unha vivenda teña a condición de vivenda exterior, deberá garantirse que determinadas estancias das vivendas teñan a iluminación e a ventilación directa a través de espazos exteriores de calidade, públicos ou privados, que deberán ser recollidos como tales no planeamento.

O planeamento deberá establecer as características e dimensións destes espazos e deberase xustificar como mínimo:

Que a configuración e as dimensións do espazo garden unha adecuada relación coa altura das edificacións que o conforman.

Que se respecten unhas distancias mínimas de luces rectas, que establecerá o planeamento, en función das alturas das edificacións enfrontadas.

Que se garanta a continuidade espacial e de deseño dos ditos espazos, aínda que o desenvolvemento destes sexa realizado por persoas propietarias diferentes.

Que as dimensións destes espazos non resulten inferiores ás exixibles segundo o punto A.1.1 do anexo I deste decreto para os solos sen planeamento.

1. CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS VIVENDAS PARA TER A CONDICIÓN DE VIVENDA EXTERIOR.

Os requisitos que deben cumprir as vivendas para ter a condición de vivenda exterior son os que se dispoñen no CAPÍTULO 2 do TÍTULO IV da normativa referente ás condicións xerais establecidas no presente plan xeral para o uso global residencial. Estas condicións son as que se dispoñen na vixente normativa en materia de habitabilidade, en concreto, no apartado A.1.1. do ANEXO I do D 128/2023.

2. CONDICIÓN DOS ESPAZOS EXTERIORES DE CALIDADE.

Os espazos exteriores de calidade que se definen no presente plan xeral son de dous tipos:

- a) Públicos; constituídos polas rúas, espazos libres e zonas verdes que se detallan nos planos de ordenación.
- b) Privados; conformados polos espazos libres privados (ELP) que se indican nos planos de ordenación ou que resulten da ordenación detallada establecida a través de estudos de detalle para definir os volumes nas ordenacións a base de tipoloxías de bloque aberto.

As condicións que se establecen para os espazos libres e zonas verdes públicas nas ordenanzas zonais do solo con ordenación detallada, solo urbano consolidado e solo de núcleo rural, establecen as condicións de uso, protección e adaptación ao ambiente que garanten o cumprimento das condicións dos espazos exteriores de calidade.

Os espazos libres privados que se definen nos planos de ordenación teñen unhas condicións dimensionais que garanten unha adecuada relación coa altura das edificacións que os conforman ou que se poidan construír, ademais na normativa establécense unhas condicións de urbanización e conservación destes espazos.

Por outra banda nas ordenacións a base de bloques abertos remitidas á formulación e aprobación dun estudo de detalle establécense as condicións específicas de distancia entre as edificacións na propia parcela e ás lindeiras que garanten, ao igual que no caso dos que aparecen definidos nos planos, a adecuada relación entre altura e distancia entre bloques establecendo unha distancia entre eles igual á súa altura no caso da mesma parcela e da metade da altura aos lindeiros con outras parcelas. Estas condicións dimensionais complétanse cunhas condicións específicas de urbanización e axardinamento para estes espazos libres privados.

02.3.3. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE.

A *Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia* e o regulamento que a desenvolve que é provisionalmente o *Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras*, establecen que as vías públicas, parques e demais espazos de uso público deberán ser planificados e urbanizados de forma que resulten accesibles para todas as persoas, e en especial para aquelas con mobilidade reducida ou afectadas por calquera das limitacións sinaladas anteriormente.

Por outra banda resulta de aplicación o disposto no *Real Decreto 505/2007 de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións* e na *Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados*. Nestes dous textos legais establécense as medidas que deben tomarse nos edificios e nos espazos públicos urbanizados, ademais nas edificacións será de aplicación o previsto no documento básico *DB SUA- Seguridade de uso e accesibilidade do Código Técnico da Edificación*.

Os criterios básicos que se establecen na lexislación mencionada nos parágrafos anteriores deben ser respectados nos plans xerais de ordenación urbana, nas normas complementarias e subsidiarias e naqueles outros instrumentos de planeamento que poidan ser creados pola lexislación urbanística, así coma nos demais instrumentos de planeamento e execución que os desenvolvan, e nos proxectos de urbanización, de dotación de servizos, de obras e de instalacións; debendo facerse constar expresamente dito cumprimento nos informes de carácter técnico que se emitan con carácter previo á aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento.

A normativa do presente plan xeral establece o obrigado cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade, en concreto nos apartados seguintes:

- a) En relación aos edificios: Nas condicións xerais de seguridade nos edificios que se regulan no CAP. 10 do TÍT. V establécese expresamente a obrigada observación da normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, en especial as disposicións que se conteñen na *Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia* e o regulamento que a desenvolva.
- b) En relación aos espazos públicos urbanizados: As disposicións xerais sobre as normas de urbanización que se dispoñen no CAP. 1 do TÍT. VI fan referencia de forma expresa á obriga de cumprir coa normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras, en

especial as disposicións que se conteñen na Lei 10/2014 e o regulamento que a desenvolva así como o disposto no *Real Decreto 505/2007 de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións* e na *Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados*.

Ao Concello de Narón correspóndelle, no ámbito das súas competencias, verificar o cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras, a tal efecto, esixírase o cumprimento do disposto nesta normativa no momento do outorgamento de licenzas, autorizacións e cualificacións de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública. Así mesmo todo proxecto de urbanización e construción deberá xustificar o cumprimento das determinacións de obrigado cumprimento contidas na lexislación en materia de accesibilidade.

CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE NAS REDES VIARIAS.

As condicións que se establecen no CAP. 2 do TÍT. VI correspondentes ás normas de urbanización para a rede viaria, inclúen un artigo referido expresamente á mobilidade sostible no que se introducen disposicións referentes ao cumprimento da normativa en materia de accesibilidade, en concreto:

- a) A utilización de vías de plataforma única sempre que sexa posible con sinalización pododáctil.
- b) En caso de beirarrúas a nivel mais alto que a calzada, dispórase unha anchura de 2,50 metros e pasos de peóns sobreelevados cunha iluminación especial.
- c) A obriga de conectar as instalacións, actividades e servizos en prazas, parques e xardíns mediante, alo menos, un itinerario peonil accesible con áreas de descanso en intervalos non superiores a 50 metros.
- d) A promoción e fomento de camiños escolares seguros.

CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE EN ESPAZOS LIBRES, PARQUES E XARDÍNS DE USO PÚBLICO.

As condicións xerais para estes espazos que se establecen no CAP. 2 do TÍT. VI da normativa obrigan expresamente a dar cumprimento ao disposto na normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras, en especial, as disposicións que se conteñen na Lei 10/2014 e o regulamento que a desenvolva así como o disposto no Real Decreto 505/2007 e na Orde TMA/851/2021

CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE DOS APARCADOIROS.

Na regulación dos aparcamentos para os edificios que se establecen no CAP. 9 do TIT. V faise mención expresa á disposición de prazas para persoas con mobilidade reducida na proporción e coas dimensións que se establecen na normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras.

Por outra banda nas condicións xerais que se establecen no CAP. 2 do TÍT. VI para os aparcamentos contiguos ás beirarrúas e en espazos destinados expresamente a estacionamento dispónse a obriga de prever estacionamento para persoas con mobilidade reducida.

Ademais do anterior, nas condicións xerais dos usos que se dispoñen no CAP. 1 do TIT. IV faise mención expresa do cumprimento dos estándares de prazas de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida. Na normativa establécese unha regulación específica para os aparcamentos asociados aos edificios de uso dotacional na que se establece a obriga de dispor unha reserva para persoas con mobilidade reducida de 1 praza por cada 25 unidades ou fracción de vehículos automóbiles.

Os correspondentes proxectos de obras ordinarias ou urbanización desenvolverán aqueles aspectos que lle son propios a fin de dar cumprimento ao regulamentado.

CARACTERÍSTICAS DOS ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN E MOBILIARIO URBANO

Na regulación dos elementos de mobiliario urbano que se establece na SECC. 2ª do CAP. 2 do TÍT. VI establécese que tanto os elementos de mobiliario urbano en si, como a súa disposición nas zonas de tráfico peonil deben dar cumprimento ao disposto na normativa de accesibilidade e supresión de barreiras.

03. INFORMES PREVIOS Á APROBACIÓN INICIAL

O concello de Narón solicitou os informes sectoriais preceptivos previos á aprobación inicial do PXOM e para elo utilizou un documento redactado pola empresa DOLMEN. Os informes emitidos así como o resultado e conclusións dos mesmos reflíctese na táboa que se achega a continuación.

03.01 INFORMES ADMINISTRACIÓN ESTATAL.

ORGANISMO	DATA INFORME	RESULTADO / CONCLUSIÓN
Mº DE FOMENTO. Demarcación de carreteras del Estado en Galicia.	27/12/2019	Informe desfavorable .
	10/01/2020	Informe desfavorable
	19/10/2020	Informe favorable condicionado á introdución no documento dunha serie de determinacións que se especifican no apartado 03.01.01.
Mº FOMENTO. Dirección General de Aviación Civil (DGAC)	12/08/2019	Informe favorable condicionado á introdución no documento dunha serie de determinacións que se especifican no apartado 03.01.02.
	30/09/2023	Consulta realizada debido á modificación da normativa de aplicación en materia de servidumes aéreas
Mº TRANSICIÓN ECOLÓXICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO. DG. de la costa y el mar.	29/04/2020	Trátase dun informe con suxestións e consideracións a incorporar no documento que se aprobe definitivamente, as cales se especifican no apartado 03.01.03.
Mº DE FOMENTO. SDG. de Planificación Ferroviaria	15/07/2019	Informe no que se analiza o documento e se indican unha serie de determinacións a incorporar no PXOM que se especifican no apartado 03.01.04.
Mº DE CULTURA Y DEPORTE. SDG. de protección del Patrimonio Histórico	17/02/2020	Indícanse una serie de recomendacións para o <i>estudo de impacto ambiental</i> que non resultan de aplicación para o PXOM(03.01.04).
Mº DE DEFENSA SDG. de Patrimonio.	21/02/2020	Informe favorable.

03.01.01. ESTRADAS DO ESTADO.

Informe do MINISTERIO DE TRANSPORTES MOBILIDAD Y AGENDA URBANA. DEMARCACIÓN DE CARRETERAS DEL ESTADO EN GALICIA (27/12/2019, 10/01/2020 E 19/10/2020).

OBSERVACIÓN	INTEGRACIÓN NO PXOM
1.- O PXOM debe recoller na súa normativa o novo réxime competencial relativo ás autorizacións nos tramos urbanos das estradas (art. 47 Lei 37/2015).	A normativa incorpora un artigo referido expresamente a este aspecto có título “ <i>Tamos urbanos das estradas estatais</i> ” que se inclúe na SECC. 2ª do CAP. 7 do TIT. VII da normativa.
2.- Reflectiranse en todos os planos e na normativa do PXOM, as zonas de protección do viario estatal (DP, servidume e afección) e a aresta exterior de explanación a partir da cal acóutanse esas zonas	Nos planos de ordenación reflíctense as zonas de protección do viario estatal, cuxa regulación se establece nos artigos titulados “ <i>Zonas de protección do viario estatal</i> ” e “ <i>Limitacións para as zonas de protección do viario estatal</i> ” contidos na SECC. 2ª do CAP. 7 do TIT. VII da normativa.

3.- <i>Reflectirase nos planos e na normativa a liña límite de edificación (LLE). Esta liña grafarase nos nós a 50 m conforme ao establecido no art. 33.2. Lei 37/2015.</i>	Nos planos de ordenación reflíctese a <i>zona de limitación da edificabilidade</i> limitada pola LLE , cuxa regulación se establece nos mesmos artigos correspondentes á regulación das zonas de protección do viario estatal.
4.- <i>A LLE da RCE será a xenérica establecida na Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas, en tanto non se aproben os Estudos de Delimitación de Tramos Urbanos.</i>	Esta determinación inclúese literalmente no artigo referente ás “ <i>Zonas de protección do viario estatal</i> ”
5.- <i>Deberanse suprimir os accesos á estrada FE-11 e a súa vía de servizo.</i>	Non se proxectan accesos á estrada FE-11

03.01.02. SERVIDUMES AERONAUTICAS.

Informe do MINISTERIO DE FOMENTO. DIRECCIÓN GENERAL DE AVIACIÓN CIVIL (12/08/2019) e consulta formulada o 30/09/2023.

OBSERVACIÓNS	INTEGRACIÓN NO PXOM
<p>Deberase recoller na Normativa urbanística o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>“As construcións e instalacións, así como calquera outra actuación que se contemple no termo municipal de Narón, incluídos tódolos seus elementos (como antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de ascensores, carteis, remates decorativos), así como calquera outro engadido sobre tales construcións, así como os medios mecánicos precisos para a súa construción (grúas, etc.), modificacións do terreo u obxecto fixo (postes, antenas, aeroxeradores incluídas as súas pas, carteis, etc.) así como o gálibo do viario ou vía férrea, non poden vulnerar as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de A Coruña, que veñen representadas nos planos INFO 4.2 (follas 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4) Instrumentos de Ordenación do Territorio e Afeccións Sectoriais. Infraestruturas, salvo que quede acreditado a xuízo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA), que non se compromete a seguridade nin queda afectada de modo significativo a regularidade das operacións das aeronaves, de acordo coas excepcións contempladas no Decreto 584/72, na súa actual redacción”.</i> - <i>“En caso de que as limitacións e requisitos impostos polas servidumes aeronáuticas non permitan que se leven a cabo as construcións ou instalacións previstas, non se xerará ningún tipo de dereito a indemnización por parte do Mº de Fomento, nin do xestor aeroportuario, nin do prestador dos servizos de Navegación Aérea.</i> 	<p>Estas determinacións recóllense nun artigo referente ás disposicións xerais en materia de serv. aeronáuticas que se contén no CAP. 4 do TIT. VII da normativa. Non en tanto, a súa redacción adaptouse ao novo marco legal formado principalmente polas seguintes normas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Real Decreto 369/2023, de 16 de maio, polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea, e se modifica o Real Decreto 2591/1998. - Real Decreto 537/2023, do 20 de xuño, polo que se establecen as servidumes aeronáuticas asociadas ás instalacións radioeléctricas para a navegación aérea presentes nas comunidades autónomas de (...), Galicia, (...) para o caso en que as instalacións sexan aeroxeradores. - Orde TMA/975/2022, de 22 de setembro, pola que se aproba a revisión do Plan Director do Aeroporto da Coruña
<p>O concello de Narón realizou unha consulta á DGAC sobre a procedencia de solicitar un novo informe previo á aprobación inicial. Na resposta de 30 de setembro de 2023 o organismo consultado contestou o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - En primeiro lugar faise mención á normativa aeroportuaria aprobada recentemente: RD 369/2023 polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea; OM TMA 22-09-2022 Revisión do Plan Director do Aeroporto da Coruña; RD 537/2023 polo que se establecen as serv. aeronáuticas para a navegación aérea nas C.A. de... Galicia,... Conclúese que, en consecuencia, o PXOM de Narón en tramitación deberá ter en conta esa nova normativa e que o informe da DGAC é preceptivo e vinculante polo que non se poderá aprobar definitivamente o planeamento sen o informe expreso favorable desta DG. 	<p>No mesmo artigo mencionado no punto precedente incluíuse a referencia á nova normativa de aplicación en materia de servidumes aeronáuticas así como os aspectos que nos parecen mais determinantes deste novo marco legal.</p>

03.01.03. COSTAS DO ESTADO.**Informe do Mº PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y RETO DEMOGRÁFICO. DIRECCIÓN GENERAL DE LA COSTA Y DEL MAR (29/04/2020):**

OBSERVACIÓNS	INTEGRACIÓN NO PXOM
1.- Deberán representarse en todos os planos as servidumes de tránsito e acceso ao mar e a zona de influencia.	Representáanse a servidume de tránsito e a zona de influencia nos planos de ordenación tanto nos de clasificación como nos do solo urbano e nestes últimos os accesos ao mar.
2.- Deberán grafarse os accesos ao mar debidamente acoutados (traf. rodado 500 m/peonís 200 m.)	Nos planos de solo urbano gráfanse os accesos ao mar rodados e peonís acoutados.
3.- Os SX e SL existentes en DPMT non poden participar na xestión urbanística a efectos de computo de estándares. Xustificar na documentación do PXOM.	Non se computaron os SX existentes en DPMT para o cumprimento dos estándares.
4.- A parte dos SXEL existentes incluída no DPMT deberá identificarse cunha simboloxía distinta "Sistema de Espazo Libre Estatal DPMT".	Existen dúas zonas que corresponden ao Paseo Marítimo de Xuvia que están nesta situación que se denominaron como SX-EL-PAR-X03-DPMT e SX-EL-PAR-X04-DPMT.
5.- Incluír na normativa o réxime correspondente ás edificacións existentes na zona de servidume de protección do DPMT. Tanto das realizadas legalmente como das que non son legais.	A normativa inclúe un artigo referido expresamente a estes aspectos co título "Obras e instalacións construídas con anterioridade á entrada en vigor da LC" que se contén no CAP. 3 do TIT. VII da normativa.
6.- En relación co réxime de fóra de ordenación regulado nas Normas urbanísticas, en servidume de protección deberá respectarse o disposto no art. 197 do RGC (art 95 LC) sobre a obriga de restitución e reposición ao seu estado anterior sinalando que esta obriga prescribirá aos quince anos.	Este aspecto incluíuse na SECC. 2ª do CAP. 3 do TIT. I da normativa correspondente ao "Réxime de fóra de ordenación".
7.- Os usos permitidos na zona de servidume de prot. do DPMT estarán suxeitos a autorización da C.A., sen prexuízo dos informes preceptivos regulados na normativa sectorial de costas	Esta disposición recóllese expresamente no artigo referente a "Actuacións suxeitas a autorización na zona de servidume de protección" que se inclúe no CAP. 3 do TIT. VII da normativa.
5.- Para todos aqueles inmobles, elementos ou instalacións incluídos no catálogo que se localicen en terreos de DPMT como en servidume de protección, estarán en todo caso ao establecido na D.T. 4ª da Lei de Costas con independencia do réxime de protección que estableza a correspondente ficha do catálogo.	Esta observación recóllese expresamente no artigo referente a "Patrimonio cultural" que se inclúe no CAP. 3 do TIT. VII da normativa.

03.01.04. FERROCARRÍS.**Informe do Mº DE FOMENTO. SUBDIRECCIÓN GENERAL DE PLANIFICACIÓN FERROVIARIA (12/07/2019):**

OBSERVACIÓNS	INTEGRACIÓN NO PXOM
- Os terreos ocupados polas infraestruturas que formen parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral deberán ser cualificados como sistema xeral ferroviario ou equivalente, de titularidade estatal e non incluírán determinacións que impidan ou perturben o exercicio das competencias atribuídas ao ADIF.	- Nos planos de estrutura xeral e orgánica do territorio cualifícanse os terreos ocupados polas infraestruturas que forman parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral como SX FERROVIARIO. A súa regulación está recollida na SECC. 2ª, CAP. 3 do TIT. VIII da normativa.
- Deberán grafarse nos planos as zonas de protección: dominio público, protección e límite de edificación e definir as limitacións da propiedade dos terreos	- Nos planos de ordenación gráfanse as zonas de protección do DP Ferroviario. A definición e

<i>incluídos nas zonas devanditas. Recoméndase así mesmo incluír unha sección transversal representativa da zona de estudo para asegurar o cumprimento da lexislación ferroviaria.</i>	límites da propiedade nestas zonas están recollidas no CAP. 6 do TIT. VII da normativa. - Ademais inclúese un esquema da sección transversal con as zonas de protección.
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

03.01.05. PROTECCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO.

Informe do Mº DE CULTURA Y DEPORTE. SUBDIRECCIÓN GENERAL DE PROTECCIÓN DEL PATRIMONIO HISTÓRICO (17/02/2020):

OBSERVACIÓNS	INTEGRACIÓN NO PXOM
<p><i>No que respecta ao Patrimonio Histórico, o estudo de impacto ambiental do proxecto deberá ter en conta as seguintes recomendacións:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Deberán consultarse as cartas arqueolóxicas da zona afectada polo plan e realizarse as correspondentes prospeccións arqueolóxicas nos lugares afectados.</i> - <i>Debería establecerse unha fase de control na que se supervisara toda incidencia da obra no territorio, movemento de terras, movemento de maquinaria, etc., observando minuciosamente a posible aparición de restos arqueolóxicos, que deberán ser avaliados.</i> - <i>No caso de aparición de achados casuais de bens do Patrimonio Histórico no transcorrer das obras actuarase conforme ao disposto na Lei 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español, así como na Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.</i> 	<p>Estas recomendacións para o <i>estudo de impacto ambiental</i> non resultan de aplicación para o PXOM</p>

03.01.06. DOMINIO PÚBLICO MILITAR.

Informe do Mº DE DEFENSA. SUBDIRECCIÓN GENERAL DE PATRIMONIO (20/02/2020):

OBSERVACIÓNS	INTEGRACIÓN NO PXOM
<p><i>Unha vez efectuado o análise sobre a incidencia do instrumento urbanístico recibido no dominio público militar, así como, en xeral, nos interese da Defensa Nacional..... emítase informe favorable á "Revisión do PXOU de Narón"</i></p>	<p>Non incide en ningún aspecto sobre o documento.</p>

03.02 INFORMES COMUNIDADE AUTÓNOMA

ORGANISMO	DATA INFORME	RESULTADO / CONCLUSIÓNS
CMATV DXOTU	04/07/2019	Informe no que se indican unha serie de aspectos a introducir no documento que se especifican no apartado 03.02.01.
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE Augas de Galicia	10/09/2019	Este informe non procede nesta fase. Non en tanto indícanse unha serie de prescricións de cara a obter informe favorable tras a aprobación inicial do documento que se especifican no apartado 03.02.02.
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE AXI (Ruídos).	27/08/2019	Indícase que na elaboración do Plan, ademais da información dos mapas, incluíronse na parte normativa (artigo 251) as limitacións de uso derivadas do ruído provocado polas estradas autonómicas.

03.02.01. COSTAS

Informe da DXOTU en materia de COSTAS (04/07/2019):

OBSERVACIÓNS	INTEGRACIÓN NO PXOM
<i>Memoria Xustificativa: No caso de existir algún ámbito de desenvolvemento que reúna as condicións da D.T. 3ª da Lei de Costas deberá xustificarse no Anexo 2 (cumprimento da normativa sectorial) o cumprimento do art. 30, no que se refire a evitar a formación de pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes.</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Nos planos de ordenación gráfase a zona de influencia. - A regulación desta zona inclúese nun artigo un artigo referido expresamente a ela que se contén no CAP. 3 do TÍT. VII da normativa

03.02.02. AUGAS

Informe de AUGAS DE GALICIA (10/09/2019):

PRESCRICIÓNS A INCLUIR NO DOCUMENTO	INTEGRACIÓN NO PXOM
<i>Calquera actuación que se pretenda desenvolver na zona de servidume e policía de leitos precisará autorización administrativa do organismo de conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro organismo da administración.</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Nos planos de ordenación gráfase a zona de policía de leitos. - No CAP. 8 do TÍT. VII da normativa defínense as zonas de DPH, servidume e policía coas conseguintes limitacións de uso do solo en base ao disposto no RDPH.
<i>A lexislación sectorial de augas establece zonas inundables e zonas de fluxo preferente nas que deberanse respectar expresamente as prescricións recollidas na Normativa do PHGC referente á protección contra as inundacións. Deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos art. 9 a 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quarter, que establece un réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.</i>	No CAP. 8 do TÍT. VII da normativa defínense as zonas inundables, zona de fluxo preferente así como as limitacións de uso en solo rural e solo urbanizado, todo elo segundo a regulación do RDPH na súa vixente revisión.

03.02.03. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS EN MATERIA DE SERVIDUMES ACÚSTICAS

Informe da AXI en materia de servidumes acústicas (27/08/2019):

OBSERVACIÓNS	INTEGRACIÓN NO PXOM
Achégase información sobre os Mapas Estratéxicos de Ruído que afectan ás estradas autonómicas.	Inclúese a información destes mapas nos planos de información referentes aos instrumentos de ordenación do territorio e afeccións sectoriais. En concreto no plano 15054 PXOM 202310
Debe incluírse na normativa as limitacións de uso derivadas do ruído provocado polas estradas autonómicas.	Na SECC. 3ª do CAP. 7 do TÍT. VII da normativa inclúese un artigo referente ás <i>Condicións da rede de estradas autonómicas</i> no que se establecen as <i>Limitacións de uso derivadas do ruído</i> .

04. CLASIFICACIÓN E CATEGORIZACIÓN COMO SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN DE ÁMBITOS QUE NON CONTAN CON AFECCIÓN SECTORIAL.

Tal e como consta no apartado 9 do estudo do medio rural referente ao SOLO RÚSTICO, en concreto nos subapartados referentes ao solo rústico de especial protección de espazos naturais (SRPEN) e de especial protección paisaxística (SRPPX), así como nos apartados homónimos das memorias informativa e xustificativa, introducíronse nestas categorías unha serie de paraxes derivados do trámite de avaliación ambiental estratéxica que non contan con afección sectorial. Trátase dos seguintes:

SRPEN:

- a) *Masa de bosque aluvial (hábitat prioritario 91E0*) xunto con herbais e megaforbios higrófilos, situada entre o río Grande de Xuvia e a localidade de Castro de Ermida.*
- b) *Humidais de Sinde e Auintá incluídos no antigo inventario de humidais de Galicia, que tamén contan con representación do hábitat prioritario 91E0*.*
- c) *Esteiro de Gándara que serve de refuxio a aves acuáticas.*

SRPPX:

- a) *Ampliación cara o sur da delimitación do AEIP Montes da Lagoa, na zona de Pena Grande.*
- b) *ZEC Xuvia- Castro, que á súa vez forma parte do SRPEN.*
- c) *Zona no Monte da Mina ou Monte do Esperón (parroquia de Sedes; ao nordés e limítrofe co concello de Valdoviño), onde se sitúa un dos miradoiros do Catálogo de Paisaxes de Galicia e onde o POL delimita un Espazo de Interese Paisaxístico (EIP) e unha zona de protección de ladeira.*

En base ao disposto nos artigos 34.5. da LSG así como nos artigos 49.3. e 137 do RLSG, a categorización destes espazos como SRPEN e/ou SRPPX deberán contar co informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente.

